



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN PÁRKINSON FERROL, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “ABORDAXE MULTIDISCIPLINAR EN PERSOAS CON ENFERMIDADE DE PÁRKINSON”, PARA O EXERCICIO 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade Asociación Párkinson Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento do proxecto “Abordaxe multidisciplinar en persoas con enfermidade de Párkinson” desenvolto no exercicio 2019 pola Asociación Párkinson Ferrol, baseado nunha intervención multidisciplinar para acadar unha calidade de vida óptima para as persoas con enfermidade de Párkinson e os seus achegados, mediante un equipo multidisciplinar encargado de ofrecer entre as diversas opcións terapéuticas a mais indicada para cada caso.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, a Asociación Párkinson Ferrol é a única entidade de iniciativa social que desenvolve unha intervención multidisciplinar para acadar unha calidade de vida óptima para as persoas con enfermidade de Párkinson e os seus achegados, mediante un equipo multidisciplinar encargado de ofrecer entre as diversas opcións terapéuticas a mais indicada para cada caso na comarca de Ferrol.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

